

CONCELLO DE  
SANTIAGO

11-12-2013

**INFORME TÉCNICO SOBRE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DO HÓRREO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. SOBRE- 3, AVALIABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES.**

**OFERTAS A VALORAR.-**

Na Mesa de Contratación de data 05-12-13, procédese á apertura do sobre 3, das ofertas presentadas para o Servizo de Conservación e Mantemento das instalacións do Túnel do Hórreo, polas empresas UTE Indra- Puentes y Calzadas, Telvent Tráfico y Transporte S.A., Copcisa, S.A. e Extraco S.A., sendo estas as seguintes:


**Ofertas económicas Túnel. Coste ano.**

	Preventivo	Ordinaria	Suma	21 % IVA	TOTAL / ANO
Telvent	77.138,10	11.490,00	88.628,10	18.611,90	107.240,00
UTE Indra P. y C.	85.597,11	12.750,00	98.347,11	20.652,89	119.000,00
Copcisa	100.700,00	15.000,00	115.700,00	24.297,00	139.997,00
Extraco	93.894,15	14.900,89	108.795,04	22.846,96	131.642,00

Estes valores representan as baixas seguintes sobre o importe tipo do concurso de 115.702,48 € / ano, antes de aplicarlle o i.v.e. :

**Baixa das ofertas.**

	Importe		% Baixa
Telvent	88.628,10	23,40000	<b>23,400</b>
UTE Indra P. y C.	98.347,11	15,00000	<b>15,000</b>
Copcisa	115.700,00	0,00214	<b>0,002</b>
Extraco	108.795,04	5,97000	<b>5,970</b>



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **ASPECTOS A VALORAR DAS OFERTAS.**

### **1. PROPOSICIÓN ECONÓMICA OFERTADA.**

De acordo co artigo 10.3, do prego de cláusulas Administrativas, valóranse as ofertas segundo o criterio que figura nel, resultando a puntuación seguinte para cada unha das empresas:


<b>Empresa</b>	<b>Importe sen i.v.e..</b>	<b>Puntos.</b>
<b>Telvent</b>	88.682,10	<b>45,00</b>
<b>UTE Indra Puentes. y Calzadas.</b>	98.347,11	<b>40,58</b>
<b>Extraco</b>	108.795,04	<b>36,68</b>
<b>Copcisa</b>	115.700,00	<b>34,49</b>

### **2. MELLORAS.**

#### **MELLORAS QUE PROPOÑEN REALIZAR AS EMPRESAS.**

As empresas propoñen realizar as melloras, que figuran no cadro adxunto:

<b>Nº</b>	<b>Denominación</b>	<b>Telvent</b>	<b>UTE Indra- P. Calzadas</b>	<b>Extraco</b>	<b>Copcisa</b>
<b>1</b>	Explotación de todas as cámaras do sistema de xestión do túnel na sala de control.	<i>SI</i>	<i>SI</i>	<i>SI</i>	<i>SI</i>
<b>2</b>	Subministro e instalación de peches de seguridade sensorizados para as portas do local técnico e para as portas do centro de transformación.	<i>SI</i>	<i>SI</i>	<i>SI</i>	<i>NO</i>
<b>3</b>	Subministro e instalación de sensores para detectar o nivel de combustible dos depósitos de gasoil dos grupos electrógenos.	<i>SI</i>	<i>SI</i>	<i>SI</i>	<i>NO</i>



## CONCELLO DE SANTIAGO

4	Mantenimiento radar, e das dúas cabinas existentes no Túnel. Incluso movementos do radar entre ambas cabinas.	SI	SI	SI	NO
5	Subministro e instalación de placas de informativas de zona video vixiada, con nivel de retroreflexión II e lámina de protección antivandálica.	SI	SI	SI	SI

### PUNTUACIÓN OBTIDA, NO APARTADO DE MELLORAS.

Nº	Denominación	Prego	Telvent	UTE Indra-P. Calzadas	Extraco	Copcisa
1	Explotación de todas as cámaras do sistema de xestión do túnel na sala de control.	9,00	9,00	9,00	9,00	9,00
2	Subministro e instalación de peches de seguridade sensorizados para as portas do local técnico e para as portas do centro de transformación.	2,00	2,00	2,00	2,00	0,00
3	Subministro e instalación de sensores para detectar o nivel de combustible dos depósitos de gasoil dos grupos electrógenos.	2,00	2,00	2,00	2,00	0,00
4	Mantenimiento radar, e das dúas cabinas existentes no Túnel. Incluso movementos do radar entre ambas cabinas.	6,00	6,00	6,00	6,00	0,00
5	Subministro e instalación de placas de informativas de zona video vixiada, con nivel de retroreflexión II e lámina de protección antivandálica.	1,00	1,00	1,00	1,00	1,00
<b>Suma</b>		<b>20,00</b>	<b>20,00</b>	<b>20,00</b>	<b>20,00</b>	<b>10,00</b>

## **ESTUDO ECONÓMICO.-**

As empresas presentan un estudo económico, no que indican que se garante a coherencia económica e a viabilidade do proxecto perante a súa execución.

### **TELVENT.**

As unidades de obra, son as que figuran no Prego, engadindo a de subcontratación de tarefas de mantemento especializadas, é realizándoas a prezos inferiores aos recollidos nos mesmos.

### **UTE INDRA PUENTES Y CALZADAS.**

Os gastos englobanse en conceptos xenéricos, non axustándose á relación de unidades de obra que figuran no Prego.

### **EXTRACO.**

O número das unidades do estudo é igual ás do Prego, sendo os prezos inferiores en xeral, a excepción do dos técnicos de mantemento e peóns que é superior aos do Prego.


### **COPCISA.**

O número das unidades do estudo é igual ás do Prego, sendo os prezos inferiores aos que figuran nel, incluíndo gastos que figura na súa oferta e non figura no Prego. Inclúen no estudo os custes das melloras.

## **RESUMO DAS PUNTUACIÓNS DAS OFERTAS, DO SOBRE 3. AVALIABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES.**

As ofertas para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de conservación e mantemento das instalacións do túnel do Hórreo, en Santiago de Compostela, sobre 3 avaliáveis en forma de cifras ou porcentaxes, obteñen os puntos seguintes:

<b>Concepto</b>	<b>Telvent</b>	<b>UTE Indra-P. Calzadas</b>	<b>Extraco</b>	<b>Copcisa</b>
<b>Puntuación económica ofertas</b>	45,00	40,58	36,68	34,49
<b>Puntuación melloras</b>	20,00	20,00	20,00	10,00
<b>Suma</b>	<b>65,00</b>	<b>60,58</b>	<b>56,68</b>	<b>44,49</b>



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DAS PUNTUACIÓNS DAS OFERTAS, DO SOBRE 2 E SOBRE3.**

As ofertas para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de conservación e mantemento das instalacións do túnel do Hórreo, en Santiago de Compostela, sobre 2 e sobre 3, obteñen os puntos seguintes:

<b>EMPRESA</b>	<b>Sobre. 2</b>	<b>Sobre. 3</b>	<b>Total</b>
<b>Telvent</b>	46,72	65,00	<b>111,72</b>
<b>UTE Indra- Puentes y Calzadas.</b>	28,84	60,58	<b>89,42</b>
<b>Extraco</b>	28,52	56,68	<b>85,20</b>
<b>Copcisa</b>	24,21	44,49	<b>68,70</b>

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2013.

O Xefe da Sección de Circulación

Edmundo López Seijo

**MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO ABERTO, PARA A  
CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E  
MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DO HÓRREO,  
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

2.12.2013

**ANEXOS DE PUNTUACIÓN DO:**

**INFORME TÉCNICO SOBRE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DO HÓRREO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. SOBRE- 2, NON AVALIABLE CON CIFRAS OU PORCENTAXES.**

A requirimento da Mesa de Contratación, xúntanse ao informe os cadros utilizados para a avaliación do sobre 2, das ofertas de mantemento do Túnel do Hórreo, sendo estes, os seguintes:

- Maquinaria e medios técnicos, puntuación final.
- Maquinaria e medios técnicos, previo maquinaria e útiles.
- Descrición de pezas e recambios e descrición e cualificación de stock.
- Persoal permanente e persoal de campaña.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2013.

O Xefe da Sección de Circulación



Edmundo López Seijo

**MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO ABERTO, PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DO HÓRREO, DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

**MAQUINARIA Y MEDIOS TECNICOS. Puntuación Final**

Puntuación	Concepto	U.T.E. Indra P.V.C.	Telvent	Coppcisa	Extrato
2	Un vehículo tipo furgoneta combi (5 plazas)	0,40	1,00	1,90	1,00
1	Camión cesta o pluma para trabajos en altura (bajo demanda)	1,00	1,00	0,00	1,00
1	Camión grúa	1,00	1,00	0,00	0,80
0,5	Remolque	0,00	0,50	0,00	1,00
1	Maquina limpiadora	1,00	1,00	0,80	1,00
1	Camión cisterna	1,00	1,00	0,00	1,00
0,5	Hormigonera	0,00	0,50	0,00	0,50
0,5	Compresor	0,00	0,50	0,40	0,50
0,5	Martillo hidráulico	0,50	0,50	0,50	0,50
1	Set de Útiles y Herramientas individual para los técnicos de mantenimiento	1,00	1,00	1,00	1,00
1	Equipo de Protección Individual para cada técnico y jefe de mantenimiento	1,00	0,00	0,00	1,00
1	Nave. Almacén. Oficinas.	0,50	1,00	0,10	0,10
1	Características técnicas y disponibilidad herramientas.				
	Herramientas individuales.	0,33	0,33	0,33	0,33
	Herramientas colectivas.	0,33	0,33	0,33	0,33
	Herramientas Laboratorio.	0,33	0,33	0,00	0,33
1	Medios señalización	1,00	1,00	1,00	1,00
1	Medios comunicación	0,50	1,00	0,50	0,30
<b>14,00</b>	<b>Suma</b>	<b>9,89</b>	<b>11,99</b>	<b>6,86</b>	<b>11,69</b>
14	5				
9,89	X	0,357142857			
	<b>EQUIVALENCIA A 5</b>	<b>3,53</b>	<b>4,28</b>	<b>2,45</b>	<b>4,18</b>
	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>3,53</b>	<b>4,28</b>	<b>2,45</b>	<b>4,18</b>



**MAQUINARIA Y MEDIOS TECNICOS. Previo maquinaria y útiles.**

Pliego		U.T.E. Indra P. y C.	Telvent	Copcisa	Extrato
<b>Un vehículo tipo furgoneta combi (5 plazas)</b>					
Bola de remolque	S	1	S	2	1
Cajón porta herramientas	S		S	S	S
Luces de señalización (giratorias)	S		S	S	S
Sirena	N		S	S	S
Megafonía	N		S	S	S
Luces de desvío (tipo Arrow stick)	N		S	S	S
Proyectores orientables	N		S	S	S
Linternas recargables	N		S	S	S
Botiquin de primeros auxilios	S		S	S	S
Extintores	S		S	S	S
Panel alfanumérico señalización	N		S	S	S
Grupo electrógeno	N		S	S n. p.	S
Pequeño material (radial. Taladro, destornilladores. etc.)	s 1/2		S	S	S
Polímetro, pinza amperimétrica	s 1/2		S	S	S
<b>Camión cesta o pluma para trabajos en altura (bajo demanda)</b>					
Camión grúa	S		S	N	S. bajo deman.
Remolque	N		S	N	S
Maquina limpiadora	S		S	S n. p.	S
Camión cisterna	S		S	N	S
Hormigonera	N		S	N	S
Compresor	N		S	S n. p.	S
Martillo hidráulico	S		S	S	S
<b>Set de Útiles y Herramientas individual para los técnicos de mantenimiento</b>					
	S		S	S	S
<b>Equipo de Protección Individual para cada técnico y jefe de mantenimiento</b>					
	S		S. ver oferta	S. ver oferta	S

S Completo  
s 1/2 Incompleto  
N No hace referencia.  
S n. p. No permanente en obra.



**Descripción piezas y recambios.  
Descripción y cualificación stock.**

Puntos	Indra- P. y Calzada		Telvent		Copcisa		Extrato	
	Piezas	Stock	Piezas	Stock	Piezas	Stock	Piezas	Stock
10 Ventilación	6	8	8	6	0	0	0	0
10 Electricidade	7	7	6	7	0	0	0	3
10 Incendios	7	5	5	7	0	0	0	1
10 Seguridad	6	8	6	7	0	0	0	0
10 Tráfico	5	6	6	9	0	0	0	0
10 Comunicacióm. C. remoto.	7	7	6	6	0	0	0	0
<b>60</b>	<b>38</b>	<b>41</b>	<b>37</b>	<b>42</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>4</b>
<b>EQUIVALENCIA A 5</b>	<b>3,17</b>	<b>3,42</b>	<b>3,08</b>	<b>3,50</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,33</b>

60 5  
38 X 0,08333333

**Descripción piezas y recambios.**

	Indr- P. C. Telvent	Copcisa	Extrato
<b>PIEZAS Y RECAMBIOS</b>	<b>3,17</b>	<b>3,08</b>	<b>0,00</b>

**Descripción y cualificación stock.**

	Indr- P. C. Telvent	Copcisa	Extrato
<b>CUALIFICACIÓN STOCK</b>	<b>3,42</b>	<b>3,50</b>	<b>0,33</b>

**PERSONAL PERMANENTE.**

Ud.	Puesto	U.T.E. Indra - Puentes	Telvent	Copcisa	Extraco
1	Jefe Coservación Explotación	1	1	1	0
1	Jefe Operaciones	0	1	0	0
1	Encargado Conservación	0	1	1	0
2	Técnicos Mantenimiento y atención directa al usuario	0	2	2	2
2	Peones	2	2	2	0
1	Auxiliar Administrativo. Operador Informático.	1	0	1	0
3	Técnicos de Sistemas. Asistencia remota.	0	3	1	3
<b>11</b>	<b>Suma</b>	<b>4,00</b>	<b>10,00</b>	<b>8,00</b>	<b>5,00</b>

11 7  
4 x 0,636363636

<b>EQUIVALENCIA A 7</b>	<b>2,55</b>	<b>6,36</b>	<b>5,09</b>	<b>3,18</b>
-------------------------	-------------	-------------	-------------	-------------



**PERSONAL CAMPAÑA.**


Ud.	Puesto	U.T.E. Indra - Puentes	Telvent	Copcisa	Extraco
1	Jefe Coservación Explotación				0
1	Jefe Operaciones				1
1	Encargado Conservación				0
2	Peones				2
1	Auxiliar Administrativo. Operador Informático.				0
3	OTROS de CAMPAÑA	0,5	1,5	2	1
9	<b>Suma</b>	<b>0,50</b>	<b>1,50</b>	<b>2,00</b>	<b>4,00</b>
9	3				
0,5	X	0,333333333			

<b>EQUIVALENCIA A 3</b>	<b>0,17</b>	<b>0,50</b>	<b>0,67</b>	<b>1,33</b>
-------------------------	-------------	-------------	-------------	-------------

	U.T.E. Indra - P. y Calzadas	Telvent	Copcisa	Extraco
<b>PERSONAL PERMANENTE</b>	<b>2,55</b>	<b>6,36</b>	<b>5,09</b>	<b>3,18</b>

	U.T.E. Indra - P. y Calzadas	Telvent	Copcisa	Extraco
<b>PERSONAL CAMPAÑA</b>	<b>0,17</b>	<b>0,50</b>	<b>0,67</b>	<b>1,33</b>





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

27-11-2013

**INFORME TÉCNICO SOBRE VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DO HÓRREO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. SOBRE- 2, NON AVALIABLE CON CIFRAS OU PORCENTAXES.**

**OFERTAS A VALORAR.-**

Na Mesa de Contratación de data 29-10-13, procédese á apertura do sobre 2 das ofertas presentadas para o Servizo de Conservación e Mantemento das instalacións do Túnel do Hórreo, admitíndose as das empresas: UTE Indra- Puentes y Calzadas, Telvent Tráfico y Transporte S.A., Copcisa, S.A. y Extraco S.A.

**ASPECTOS A VALORAR DAS OFERTAS.**

**1.- MEDIOS MATERIAS.**

**a) Maquinaria e medios técnicos.**

**UTE INDRA PUENTES Y CALZADAS.**

Esta UTE, oferta unha furgoneta que non dispón de sirena, megafonía, luces de desvío, proxectores orientables, panel alfanumérico, etc, nin aportan remolque, formigoneira, compresor e tampouco indica que vaian dispoñer de medios de comunicación.


A UTE, dispón de nave en Sigüeiro de 4.830 m<sup>2</sup> para oficinas, talleres de ferralla, calderería e acopio.

**TELVENT.**

Esta empresa indica na súa oferta, que vai dispoñer para o servizo de toda a maquinaria e medios que constan no Prego Técnico, tan só non describen o equipo de protección individual para o persoal encargado do servizo. Non obstante na páxina 26 da oferta, Organización de persoal, fan constar que poñen a disposición deste proxecto o Servizo de Prevención de Riscos Laborais, comprometéndose a cumprir coas disposicións vixentes en materia laboral e de Prevención de Riscos Laborais.

En relación co sistema de comunicacións, propoñen que todos os técnicos dispoñan de teléfonos móbiles, dotados de mans libres en vehículos e furgonetas, dispoñendo os técnicos de mantemento de PDA, teléfono móbil ou similar, mediante os que poderán atender os avisos e poderán conectarse vía web á aplicación de xestión do mantemento.

Esta empresa dispón de nave no Polígono de Costa Vella, con superficie de 974 m<sup>2</sup>., para oficinas, almacén, laboratorio de probas e reparacións, garaxe e taller de reparacións mecánicas, almacén depósito materias e componentes para realizar as operacións do servizo.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### COPCISA.

Na oferta desta empresa en relación co material de protección laboral, tan só figura que van dispoñer de dúas unidades de E.P.I., sen especificar cal é o material ao que se refire, se ben na páxina 29, Seguridade e Saúde, Copcisa comprométese a aplicar durante a execución do contrato o sistema de prevención de riscos adoptando todas as medidas de prevención necesarias, establecendo a adecuación, sinalización e orden necesario, para garantir a seguridade e a mínima afección posible aos usuarios das vías a conservar.

Esta empresa indica na súa oferta que establecerá un Centro de Comunicacións no Centro de Control e Explotación da obra, estando atendido este centro de comunicacións, dentro da xornada laboral, polo Auxiliar Administrativo e as persoas que integren as oficinas, indicando así mesmo que dispoñerán de almacén con materiais de reposto básico, sen precisar onde.

Copcisa poñerá a disposición do servizo unha páxina web, para informar diariamente ao público.

### EXTRACO.

Na oferta presentada por esta empresa indica que vai dispoñer para o servizo, de toda a maquinaria e medios que constan no Prego Técnico, tan só fai uso de camión grúa baixo demanda, facendo mención a que dispoñen de dous móbiles para realizar o traballo.

Esta empresa dispón de oficinas en Ourense, Vigo e A Coruña.

### PUNTUACIÓN OBTIDA, NO APARTADO DE DESCRIPCIÓN DE MAQUINARIA E MEDIOS TÉCNICOS.

	U.T.E. Indra P. y Calzadas.	Telvent	Copcisa	Extraco
<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>3,53</b>	<b>4,28</b>	<b>2,41</b>	<b>4,18</b>

### b) Pezas e recambios.

A U.T.E Indra, Puentes y Calzadas presenta unha descrición de pezas axustada à realidade ao ser coñecedores delas, por ser a empresa que executou as instalacións do Túnel.

A empresa Telvent, tamén presenta unha relación de pezas e recambios adecuada. As empresas Copcisa e Extraco non describen as pezas e recambios a utilizar.

### PUNTUACIÓN OBTIDA, NO APARTADO DE DESCRIPCIÓN DE PEZAS E RECAMBIOS.

	U.T.E. Indra P. y Calzadas.	Telvent	Copcisa	Extraco
<b>PEZAS E RECAMBIOS</b>	<b>3,17</b>	<b>3,08</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

**c) Descrición e cualificación do Stock de pezas.**

A descrición e cualificación dos repostos que fan a U.T.E Indra, Puentes y Calzadas e a empresa Telvent, son similares sendo a desta última a que fai a descrición das pezas que se necesitan con maior frecuencia no servizo.

A empresa Copcisa non fai a descrición do stock, e a empresa Extraco, prevé unha cantidade de repostos moi pequena.

**PUNTUACIÓN OBTIDA, NO APARTADO DE DESCRIPCIÓN DE STOCK DE PEZAS.**

	U.T.E. Indra P. y Calzadas.	Telvent	Copcisa	Extraco
<b>CUALIFICACIÓN STOCK</b>	<b>3,42</b>	<b>3,50</b>	<b>0,00</b>	<b>0,33</b>

**d) Compatibilidade de equipos e repostos a instalar.**

**U.T.E. INDRA PUENTES Y CALZADAS.**

Indra fabricou e instalou o hardware e o software da aplicación informática, realizando a execución dos equipamentos do Túnel do Hórreo. Construíu así mesmo as estacións remotas de conexión de equipos, desenvolvendo, configurando e instalando a aplicación de Xestión do Túnel, polo que non achega carta de compromiso de Indra, para colaborar no servizo.

Non presenta compromiso de ningún fabricante.

**TELVENT**

Comprométese a garantir a compatibilidade de equipos e sistemas instalados no Túnel, ademais de garantir a súa integración no Túnel e sistema de control.

Achega compromiso de servizo das empresas seguintes:

Ventilación: Talleres Zitrón, S.A.

Alimentación eléctrica: Sociedade Moncobra, S.A.

Detección de incendios: Sociedade Galega de Protección Industriais, S.L.

Circuíto pechado de TV: Desenvolvemento Informático de Televisión, S.L.


Grupos electrógenos: GENESAL

Software do Centro de Control: Indra Sistemas.

**COPCISA**

Se resulta adxudicataria, nos primeiros trinta días, dende o inicio do contrato, revisará a instalación obxecto do servizo, emitindo un informe no que se detallará o inventario, as deficiencias e as propostas de emenda.

Revisará durante o primeiro mes a documentación: Proxecto de execución, Planos, manuais, Memoria, etc, incluíndo a relación de equipos instalados e a relación de repostos recomendados.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Na oferta desta empresa non se xustifica a compatibilidade de repostos.

### EXTRACO.

Comprométese a instalar equipos de compatibilidade absoluta cos xa instalados, resolvéndoo pola súa conta e con redacción similar á indicada no Prego de Condicións do concurso.

### PUNTUACIÓN OBTIDA, NO APARTADO DE COMPATIBILIDADE EQUIPOS E REPOSTOS A INSTALAR.

	U.T.E. Indra P. y Calzadas.	Telvent	Copcisa	Extraco
COMPATIBILIDADE EQUIPOS	4,00	5,00	0,00	2,50

## 2.- MEDIOS PERSONAIS

a) e b) Persoal permanente e de campaña.

### UTE. INDRA- PUENTES Y CALZADAS

#### Persoal permanente.

A UTE propón como persoal permanente para este servizo:

#### *Xefe de Conservación e Explotación.*

Este posto será ocupado por un Enxeñeiro Superior ou similar, con dedicación a tempo parcial, localizable 24h./24h. a través de teléfono móbil.

#### *Xefe de Operacións.*


Propoñen que este traballador sexa o máximo responsable do funcionamento do servizo e o coordinador das operacións de mantemento. O desempeño da súa función será a tempo parcial sen exclusividade, non indicando que se vaian realizar as cincocentas horas presenciais, que indica o artigo 2 do Anexo 3 do Prego Técnico.

Non figura a titulación, nin a experiencia da persoa que ocupará este posto, indicando o mesmo artigo, que dispoñerá de formación FP2 ou similar en Electrónica ou en Electricidade e contará con cinco anos de experiencia mínima.

#### *Encargado de Conservación.*

Como máximo responsable do servizo, proponse a unha persoa a tempo parcial, sen exclusividade e, estando localizable 24h/24h. a través do teléfono móbil.

Non figura a titulación, nin a experiencia do persoal que ocupará este posto, indicando o artigo 2 do Anexo 3 do Prego Técnico, que dispoñerá de formación FP2 (Oficial 1ª) e contará con cinco anos de experiencia mínima.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### ***Dous Técnicos de mantemento.***

Dispóñense dúas persoas que executarán tarefas de mantemento preventivo e correctivo, en horario laboral 8:00 – 14:00 e 16:00 – 18:00. Non figura a titulación, nin a experiencia das persoas que ocuparán estes postos, indicando o artigo 2 do Anexo 3 do Prego Técnico, que dispoñerá de formación FP2 ou similar en Electrónica ou Electricidade e contarán con cinco anos de experiencia mínima.

### ***Un Auxiliar administrativo.***

Ofertan un Auxiliar administrativo, sen dedicación exclusiva e non indican que sexa Operador Informático, como recolle o Prego de Condicións.

### ***Cinco Técnicos de apoio. Asistencia Remota.***

Propón a UTE dispoñer para asistencia remota de cinco técnicos informáticos as 24h. os 365 días do ano, sen dedicación exclusiva. Non figura na oferta nin a titulación, nin a experiencia das persoas que ocuparán estes postos, indicando o artigo 2 do Anexo 3 de Prego Técnico, que serán Enxeñeiros Técnicos ou Superiores en Informática ou Telecomunicacións e contarán con tres anos de experiencia mínima.

### **Persoal de Campaña.**

En caso de problemas graves, dispoñeráse do persoal de apoio ou reforzo realmente necesario existente nas Delegacións a nivel nacional, así como do seu persoal de laboratorio e maquinaria.

Figura como persoal de campaña o Director de Explotación, xa valorado no apartado correspondente.

## TELVENT

### **Persoal permanente.**

Esta empresa propón como persoal permanente para este servizo:

#### ***Director de explotación.***

Xa valorado no apartado correspondente.


#### ***Xefe de Conservación e Explotación.***

Enxeñeiro Superior. Experiencia 5 anos en xestión de contratos similares. Dedicación parcial, localizable 24h./24h. Responsable do contrato ante o Concello.

#### ***Xefe de operacións.***

Titulación FP2 Electrónica ou Electricidade, con experiencia de cinco anos en labores similares. Dedicación polo menos de 500h. /ano. Localizable 24h./24h. e será o responsable do funcionamento de servizo.





## CONCELLO DE SANTIAGO

### ***Encargado de Conservación.***

Titulación FP2 en Electrónica ou Electricidade (oficial 1ª) con cinco anos de experiencia en labores similares.

### ***Auxiliar Administrativo.***

Titulación FP2, con experiencia de dez anos en labores de administración, e non indican que sexa Operador Informático, como recolle o Prego de Condicións.

### ***Tres Técnicos de Sistemas. Asistencia remota.***

Formación en Informática ou Telecomunicacións. Enxeñería Técnica ou Superior con tres anos de experiencia en asistencia a sistemas. Dedicación parcial e dispoñibilidade 24h./día, 365 días/ano.

### ***Dous Técnicos de mantemento e atención directa ao usuario.***

Titulación FP2 Electrónica ou Electricidade, con tres anos de experiencia. Dedicación completa 1800h./ano, cada un deles.

### ***Dous peóns.***

Con cinco anos de experiencia en labores similares e dedicación parcial.

### **Persoal de Campaña.**

Para atender en datas onde se produce un número de desprazamentos de vehículos superior ao habitual e con condicións climatolóxicas adversas, comprometéndose a incrementar puntualmente, en dúas persoas de apoio ao persoal permanente.

## **COPCISA**

### **Persoal permanente.**


Achégase a relación de persoal que se propón para este servizo, así como o seu grao de dispoñibilidade e dedicación, sendo este o seguinte:

#### ***Director de explotación.***

Xa valorado no apartado correspondente.

#### ***Xefe de Conservación e Explotación.***

Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, con experiencia de quince anos en traballos de Axudante e Xefe de Obra, sendo esta a mesma persoa que ocuparía o posto de Director de Explotación e máximo responsable do servizo. Dispoñibilidade total e dedicación parcial, localizable 24h./24h.



## **CONCELLO DE SANTIAGO**

### ***Xefe de operación.***

Na páxina 10 da oferta, figura que este posto o desempeñará un titulado como: Enxeñeiro Técnico Industrial (Electricidade) FP11 en Electricidade, con experiencia de dezaseis anos, con dispoñibilidade total, dedicación parcial e localizable 24h./24h..

Non figura que vaia ter dedicación de 500h./ano, tal e como indica o artigo 2 do Anexo 3 do Prego Técnico.

Na páxina 16 da oferta figura que este posto o desempeñará o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

### ***Encargado de Conservación.***

Ofertan para este posto un titulado en Ciclo Superior Electrónica FP3, con experiencia de nove anos, que será o máximo responsable de conservación do servizo.

Con dispoñibilidade total e dedicación exclusiva e plena.

### ***Auxiliar administrativo.***

Con titulación de diplomado en EP, oficial 2ª e Operador Informático, con experiencia de doce anos en labores de administración. Con dispoñibilidade total e dedicación exclusiva e plena.

### ***Dous Técnicos de mantemento e atención directa ao usuario .***

Con titulación de Enxeñeiros Técnicos Industriais en Electricidade, con oito e once anos de experiencia. Con dispoñibilidade total e dedicación exclusiva e plena, con presenza en horario laboral ordinario de 8h./24h. e con dedicación completa 1800h/ano, cada un.

### ***Dous peóns.***

Con vinte anos de experiencia, con dispoñibilidade total e dedicación exclusiva e plena.

### ***Tres Técnicos de Sistemas. Asistencia remota.***

Formación: Un Enxeñeiro Informático, un Técnico especialista en Comunicación, un Técnico en Informática con experiencia de 12, 5 e 12 anos.

O Prego de Condicións indica que terán titulación en Enxeñería Técnica ou Superior en Informática ou Telecomunicacións.


### ***Persoal de Campaña.***

Na oferta de Copcisa, figura como persoal de campaña, o seguinte:

Dous Oficiais de distintas especialidades, en quenda fora do horario habitual en fins de semana e festivos.

Dos Axudantes, nas mesmas condicións que os oficiais.

O persoal que figura nesta oferta como persoal de apoio non se valora, por non corresponder á clasificación de persoal permanente o de campaña, que figura nos Pregos de Condicións Técnicas.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### EXTRACO.

#### **Persoal permanente.**

Esta empresa propón como persoal permanente para este servizo, o seguinte:

#### ***Dous Técnicos de mantemento e atención directa ao usuario.***

Titulación: FP 2 ou similar electrónica ou electricidade, con tres anos de experiencia. Dedicación completa 1.800 h. / ano, dúas persoas. Non figura a experiencia das persoas que ocuparán estes postos, indicando o artigo 2 do Anexo 3 do Prego Técnico, que contarán con cinco anos de experiencia mínima.

#### ***Tres Técnicos de Sistemas. Asistencia Remota.***

Formación en Informática o Telecomunicacións. Enxeñería Técnica ou Superior, con tres anos de experiencia mínima. Dedicación parcial e dispoñibilidade 24 h. / 365 días.

#### **Persoal de Campaña.**

##### ***Xefe de Operacións.***

Titulación: FP 2 Electrónica ou electricidade, con experiencia mínima de cinco anos. Dedicación parcial 500 h. / ano., dispoñibilidade total e localizable 24 h. / 24 h.

##### ***Xefe de Conservación y Explotación.***

Enxeñeiro Superior, con dedicación parcial, non indicando na oferta que está localizable 24 h. / 24 h., como indica o Prego Técnico. Será o responsable do contrato ante o Concello.

##### ***Encargado de Conservación.***

Titulación FP 2 (oficial 1ª), con cinco anos de experiencia mínima, con dedicación parcial, sendo o máximo responsable de conservación do servizo.

##### ***Dous peóns.***


Con cinco anos de experiencia mínima e dedicación parcial.

##### ***Auxiliar Administrativo. Operador Informático.***

Non figura a dedicación de este posto.

### **PUNTUACIÓN OBTIDA, NO APARTADO DE PERSOAL PERMANENTE.**

	<b>U.T.E. Indra P. y Calzadas</b>	<b>Telvent</b>	<b>Copcisa</b>	<b>Extraco</b>
<b>PERSONAL PERMANENTE</b>	<b>2,55</b>	<b>6,36</b>	<b>5,09</b>	<b>3,18</b>



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**PUNTUACIÓN OBTIDA, NO APARTADO DE PERSOAL DE CAMPAÑA.**

	<b>U.T.E. Indra - P. y Calzadas</b>	<b>Telvent</b>	<b>Copcisa</b>	<b>Extraco</b>
<b>PERSOAL CAMPAÑA</b>	<b>0,17</b>	<b>0,50</b>	<b>0,67</b>	<b>1,33</b>

**c) Director de Explotación.**

**UTE INDRA. PUENTES Y CALZADAS.**

Como Director de Explotación a UTE propón a un Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, titulado na Universidade da Coruña, que participou como Xefe de execución na obra de construción do Túnel do Hórreo, pertencendo actualmente ao equipo de Puentes y Calzadas. Estes son os únicos aspectos aos que fan referencia do seu Curriculum Vitae, non indicando se dispón da experiencia mínima de cinco anos que indica o Prego de Condicións para este posto. A UTE, comprométese a poñer a disposición do servizo para executar os labores de Xefe de Conservación e Explotación, un Enxeñeiro superior ou similar, que o Ministerio de Fomento admita como Director de Explotación.

**TELVENT.**


Esta empresa propón como Director de Explotación, a un Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, que se incorporou á empresa en 1997 (experiencia superior a cinco anos), dispón de distintos cursos de formación complementaria e realiza proxectos de tráfico urbano e interurbano e de túneles. É membro do comité de túneles da Asociación Técnica de Estradas dende o ano 2012.

**COPCISA.**

Propoñen como Director de Explotación un Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, que realizou cursos de formación complementaria, con experiencia mínima de trece anos en postos similares. Traballou nesta empresa como Axudante de Xefe de obra e Xefe de obra. Na actualidade é Xefe de Conservación e Explotación de Estradas, participando en obras de urbanización, ampliacións de estacións de peaxe, e en distintas conservacións integrais e explotacións de estradas de alta capacidade.

**EXTRACO.**

Indican na oferta que a persoa que se propón como Director de Explotación, é un Enxeñeiro de Camiños, cunha experiencia de dezasete anos.



## CONCELLO DE SANTIAGO

No seu Curriculum Vitae, consta que realizou cursos de formación complementaria e que desempeñou as funcións como Xefe de obra na construción de proxectos de urbanización, acondicionamento de estradas e pontes, etc.

### PUNTUACIÓN OBTIDA, NO APARTADO DE DIRECTOR DE EXPLOTACIÓN.

	U.T.E. Indra P. y Calzadas	Telvent	Copcisa	Extraco
DIRECTOR EXPLOTACIÓN	3,00	9,00	7,00	6,00

### EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.

#### a) Planificación, metodoloxía e organización dos medios persoais.

#### U.T.E. INDRA. PUENTES Y CALZADAS.

Na oferta indican as funcións do persoal permanente e de campaña.

Na páxina 17 da oferta, mantemento preventivo figuran as operacións a realizar de acordo cos prazos que constan no Prego de Condicións, indicándose en todas elas, que se realizará tan só inspección visual, marcando nos Pregos que ademais da inspección se realizará, en caso necesario, comprobación do funcionamento.

Na páxina 20 da oferta, mantemento correctivo, indican que a reparación de avarías inesperadas consiste na reparación "baixo demanda", non indicando nada sobre este particular, os Pregos.

Na páxina 22 da oferta, figura que cando o Centro de Control reciba aviso de mais de unha avaría, ou cando exista unha acumulación progresiva das mesmas, deberá comunicar aos equipos técnicos as ordes de reparación coa conseguinte orde de prioridade: cando a avaría sexa unha colisión ou un derribo, o equipo técnico fará o posible por poñer en marcha a instalación ou o equipo, especialmente para evitar calquera causa de potencial perigo para as instalacións ou para os usuarios da vía pública, e o comunicará ao Centro de Control. Procederáse igual se se producen actos de vandalismo.


No caso de que un equipo técnico reciba mais dunha avaría, deberá atendelas de acordo coa orde de prioridade que lle indique o Concello.

Tendo en conta:

- A gravidade (riscos persoas ou instalacións, número de puntos de luz afectados...).
- Elementos afectados (cadro mando, grupos electrógenos, ...)
- Medios técnicos e humanos precisos para a reparación.

A criterio do que subscribe, con esta forma de marcar a urxencia da reparación das avarías, preténdese implicar ao Concello, cando a responsabilidade de acudir a realizar a reparación da forma mais urxente posible é da empresa adxudicataria do servizo, e non do Concello.

En relación cos tempos máximos de reparación de avarías parecen aplicarse tempos distintos aos que aparecen nos Pregos Técnicos, debendo axustarse a estes.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Na páxina 25 da oferta figura que a limpeza de beirarrúas e bordos realizarase cada seis meses, indicado os Pregos que se fará de maneira mensual.

Na páxina 26 da oferta non figura que se vaia a realizar inspección da sinalización, debendo realizarse de acordo cos Pregos, inspección visual, e se fose necesario reparación ou substitución.

Nesta oferta non se fai mención a que se vaia a executar o Plan inicial de choque , que recolla as operacións de limpeza e reparación das instalacións do túnel que con maior urxencia o necesiten.

### TELVENT

Na oferta indican as funcións do persoal permanente e de campaña.

Telvent se compromete a dispoñer do persoal necesario para a correcta execución do contrato, si non resultara suficiente debido a vacacións, baixas eventuais ou outras causas, cubrirá esas vacantes con persoal da mesma cualificación técnica, realizando labores de apoio. Para isto ponse a disposición de este proxecto os Servizos de Calidade Medio Ambiente e o de Prevención de Riscos Laborais.

Propoñen a incorporación dun Sistema de Xestión de Mantemento obxectivo de automatización dos procesos e, facilitar o acceso á información de forma estruturada e de fácil manexo para calquera usuario, ao que poden acceder mediante PDAs ou terminais portátiles, dende a rúa o persoal de mantemento, podendo facerse un seguimento continuo dos traballos e rexistrando os distintos pasos, reparacións, inicio e peche de incidencias, etc.

Esta ferramenta pretende automatizar todos os procesos do ciclo de vida do mantemento, reducindo as intervencións manuais e centralizando a información que se xera, de forma que poda ser accesible de forma inmediata por parte do persoal autorizado.

Proponse unha distribución de horarios e quendas de persoal, en días laborais, fins de semana e festivos, que queda recollido no gráfico da páxina 34 da oferta.


Entre a programación dos traballos a realizar proponse a realización dun plan inicial de choque, no que se recollerá o mantemento preventivo, limpeza e axuste de equipos e instalacións que sexan necesarios realizar coa maior urxencia.

Dentro do mantemento preventivo, faise unha proposta de planificación anual, e dentro do mantemento correctivo indican que se repararán todas as avarías que se produzan nas instalacións ou sexan notificadas dende a Sala de Control de Tráfico, comprometéndose ao cumprimento dos tempos descritos no apartado "B.1.5.Mantemento Correctivo" do Prego de Condicións.

No apartado de conservación, comprométese á execución das tarefas preventivas de inspección e análises relacionadas cos labores de conservación ordinaria descritas no apartado "B.2. Especificacións relativas á conservación ordinaria", así como aquelas descritas no apartado "B.3. Especificacións relativas á conservación extraordinaria".

Para estas tarefas relativas á construción, Telvent se apoiará en empresas do sector, como Acciona Mantenimiento de Infraestructuras, S.A. e Sociedad Garbitu, S.L., figurando na oferta compromiso das mesmas para a realización de ditos traballos.

Na oferta de Telvent figura, que como complemento ao persoal adscrito ao servizo, ante posibles incidencias e necesidades puntuais, se poñen a disposición do proxecto, os seus servizos de Calidade e Medio e de Prevención de Riscos Laborais.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### COPCISA

Esta empresa establecerá e manterá actualizada diariamente unha "Axenda de información do estado de funcionamento da estrada" mediante unha base de datos informatizada que permita o tratamento e consulta dos datos que se requiran, ofertando un Sistema de Xestión, que permita o acceso diario a os partes de traballo e incidencias, refreando si se entende oportuno nun sistema de información xeográfica, na que se recollerán todas as modificacións realizadas a nivel de inventario e a nivel de actuacións realizadas.

Indícanse tamén os postos de traballo e enumeranse as funcións dos mesmos.

Esta empresa indica na súa oferta que establecerá un Centro de Comunicacións no Centro de Control e Explotación da obra, estando atendido este centro de comunicacións, dentro da xornada laboral, polo Auxiliar Administrativo e as persoas que integren as oficinas.

Copcisa poñerá una páxina web, para informar diariamente ao público.

Presentan cadros de desempeño de tarefas de mantemento preventivo, correctivo e conservación ordinaria, non presentando cadros da conservación extraordinaria.

### EXTRACO.

A descrición das operacións de mantemento preventivo e correctivo, e igual á feita nos Pregos de Condicións, presentando cadros das operacións a realizar (a modo de exemplo) no referente a mantemento preventivo- correctivo, urxencia da actuación, conservación ordinaria e extraordinaria, redactando programas de mantemento mensuais e anuais e executando o programa inicial de choque.

Indícanse os postos de traballo e enumera as funcións dos mesmos.

Propoñen dotar a explotación dun programa de xestión de mantemento, para xestionar instalacións e o seu mantemento, incidencias, traballos realizados, xestión de repostos e tamén propoñen un control interno de calidade, con plans de xestión integrados de aseguramento da calidade, xestión medio ambiental e de prevención de riscos laborais.

Presentan certificacións Aenor e de Rexistro de Empresa con risco de Amianto, que non se corresponde os números cos que figuran na oferta.

Ademais na oferta da empresa Extraco, contarase cun Responsable de Calidade e Medio Ambiente e con un Responsable de Riscos Laborais.

### PUNTUACIÓN OBTIDA, NO APARTADO DE PLANIFICACIÓN, METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN DOS MEDIOS PERSOAIS.

	U.T.E. Indra -P. y Calzadas	Telvent	Copcisa	Extraco
PLANIFICACIÓN M. PERSOAIS	5,00	8,00	5,00	6,00



## CONCELLO DE SANTIAGO

### b) Programación, administración e xestión de medios materiais.

#### U.T.E. INDRA. PUENTES Y CALZADAS.

Non consta nesta oferta, que vaian dispoñer de sistema de xestión específico do servizo, indicando que se establecerán uns protocolos de comunicacións de aplicación global aos traballos, indicando os labores de seguimento do persoal de servizo e das reunións periódicas co Concello e documentación a presentarlle.

Nesta oferta se indica que todos os medios que non sexan propiedade da UTE, alquilaranse o tempo necesario para o desenrolo das tarefas, facendo eles o seguimento de ditos medios, e poñendo a disposición do Concello o inventario dos medios adscritos.

#### TELVENT.

Na oferta desta empresa se describe o sistema de xestión do mantemento que dispón das funcionalidades seguintes: inventario de activos, xestión de incidencias, xestión operativa de partes de traballo e actuacións, explotación e solución de mobilidade.

O sistema de xestión está composto polos módulos seguintes:

- Inventario, permite definir os equipos e instalacións obxecto do mantemento, correspondéndose a nomenclatura dos equipos no Túnel, centro de control e Sala de Control de Tráfico Municipal.
- Xestión de avisos web, permite ao Concello realizar as solicitudes de servizo asociadas coas accións correctivas, levando o seguimento en tempo real das mesmas.
- Xestión de materiais e almacén de recambios, permite a xestión e organización de ferramentas, repostos e útiles.
- Seguridade e saúde, permite codificar os riscos laborais, para ser tidos en conta polo persoal nas actividades de mantemento.
- Informes e indicadores, permite definir distintos tipos, coñecer o número de peticións de servizo e os seus tipos, realizando de forma automática listados delas coas variables que se entendan necesarias.

#### COPCISA.

Nesta oferta indícase que se dispoñerá dun sistema de xestión de incidencias producidas, actualizándose no sistema de información xeográfica calquera modificación que se producira no inventario, pola realización dos traballos.


Na páxina 8 da oferta, indican que Copcisa non se fará cargo das reposicións masivas de material, nin das reposicións por roubo ou vandalismo.

Na páxina 28 da oferta, indican que Copcisa estará obrigada a colaborar con el Concello de Santiago nas tarefas relacionadas coa explotación e control do Túnel, entendendo o que subscribe que estará obrigada a cumprir coas obrigacións que marquen os Pregos de Condicións, e non tan só a colaborar co Concello.

Se comprometen a elaborar no prazo que marca a Lei un Plan de Seguridade e Saúde específico para as actividades e traballos de conservación, axustándose así mesmo ao indicado nos Pregos Técnicos.

#### EXTRACO.





**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Nesta oferta propoñen un programa de mantemento, mediante unha aplicación informática de xestión integral de mantemento, cos requirimentos mínimos, seguintes:

- Xestión das instalacións, (permite organizar e realizar consultas).
- Xestión de cambios de situación.
- Xestión de espazos, inventario.
- Mantemento planificado e non planificado.
- Órdenes de traballo.
- Xestión de almacén e repostos.
- Xestión de mobiliario e equipos.
- Informes e históricos.

Na páxina 10 da oferta figura que Extraco dispón dun Centro de Recepción de Avisos, con teléfono, fax e correo electrónico, sendo o teléfono un número co prefixo 902.

**PUNTUACIÓN OBTIDA, NO APARTADO DE PLANIFICACIÓN, METODOLOXÍA E ORGANIZACIÓN DOS MEDIOS MATERIAIS.**

	U.T.E. Indra -P. y Calzadas	Telvent	Copcisa	Extraco
<b>PLANIFICACIÓN M. MATERIAIS</b>	<b>4,00</b>	<b>7,00</b>	<b>4,00</b>	<b>5,00</b>

**RESUMO DAS PUNTUACIÓNS DAS OFERTAS, DO SOBRE 2.  
NON AVALIABLE CON CIFRAS OU PORCENTAXES.**


Concepto	Prego	Indra- P y Calzadas.	Telvent	Copcisa	Extraco
----------	-------	-------------------------	---------	---------	---------

**1 Medios materiais.-**

a) Maquinaria e medios técnicos.	5	3,53	4,28	2,45	4,18
b) Pezas e recambios.	5	3,17	3,08	0,00	0,00
c) Descrición- cualificación stock pezas.	5	3,42	3,50	0,00	0,33
d) Compatibilidade equipos e repostos a instalar.	5	4,00	5,00	0,00	2,50

**2 Medios persoais.-**

a) Persoal permanente	7	2,55	6,36	5,09	3,18
b) Persoal de campaña	3	0,17	0,50	0,67	1,33



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

c) Director de explotación 10 3,00 9,00 7,00 6,00

**3 Execución dos traballos.-**

a) Planificación, metodoloxía e organización dos medios persoais (horarios, quendas, inspeccións e revisións, reparacións, ordes de traballo, partes periódicos de execución e control das distintas avarías) 10 5,00 8,00 5,00 6,00

b) Programación, administración e xestión dos medios materiais a utilizar na prestación do servizo, maquinaria, repostos, recambios e demais medios materiais. 10 4,00 7,00 4,00 5,00

**Suma 60 28,84 46,72 24,21 28,52**

As ofertas aceptadas para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de conservación e mantemento das instalacións do túnel do Hórreo, en Santiago de Compostela, sobre 2 non avaliable con cifras ou porcentaxes, obteñen os puntos seguintes:

<b>EMPRESA</b>	<b>PUNTOS.</b>
<b>Telvent</b>	<b>46,72</b>
<b>UTE Indra- Puentes y Calzadas.</b>	<b>28,84</b>
<b>Extraco</b>	<b>28,52</b>
<b>Copcisa</b>	<b>24,21</b>

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2013.

O Xefe da Sección de Circulación.

Edmundo López Seijo.

**MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO ABERTO, PARA A  
CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E  
MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DO HÓRREO,  
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**